



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Procedemento
Código SIA
Expediente: PLN/2022/15
Trámite

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO CON DATA VINTE E OITO DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Cadro de asistencias	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel KuntzPeiteado	Asiste
Begoña Roldós Iglesias	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Argemino Varela Filgueiras	Asiste
María del Pilar Diaz Otero	Asiste
Iván Martínez González	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Asiste
Irene Toimil Fernández	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste

Coa presenza da Interventora municipal, Ana María Gómez Peña.

Actuando como secretaria, a titular do posto Paula E. Ramos Díaz.





Concello de Mugar dos
(A Coruña)

No Salón de Sesiões do Concello pola Presidencia declárase aberta a sesión ás dezanove horas e trinta e tres minutos.

1º.-SECRETARÍA.SECRETARÍA.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 31.08.2022 (2022-0012), O 02.09.2022 (2022-013) E O 15.09.2022 (2022-014)- Dáse conta dos borradores das actas das sesións ordinaria, extraordinaria urxente e extraordinaria realizadas polo Pleno con data 31.08.2022; 02.09.2022 e 15.09.2022 respectivamente para os efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo 91.1º do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

A continuación o alcalde procede a someter a votación ordinaria e por separado cada un dos borradores, non formulándose alegación ou observación ningunha, sendo aprobados por unanimidade de votos de membros asistentes a cada unha das sesións así realizadas

2º.-.- MOCIÓNS URXENTES.

Non se formulan.

3º.-.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES. Por parte de secretaría dáse lectura á dilixencia asinada con data 22 de setembro de 2022:

“... ”

“EXPEDIENTE 276/2022. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 01/2022.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e pola Resolución da Alcaldía núm. 2022-0662 acordouse ordenar o pagamento das relacións contables de facturas F/2022/1, F/2022/5 e F/2022/8.

EXPEDIENTE 2100/2021. XUSTIFICACIÓN DO 50% INICIAL DA ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO CONCELLO DE MUGARDOS PARA A FINANCIACIÓN DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES). ANUALIDADE 2022.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Deputación Provincial de A Coruña a documentación xustificativa relativa ao convenio de colaboración para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais (GES-2022).”

EXPEDIENTE 555/2022. MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES MUNICIPAIS: APROBACIÓN INICIAL. Uniuse certificación do acordo ao expediente e publicouse no Boletín Oficial da Provincia no taboleiro de anuncios do Concello dispoñible no portal de internet <https://mugar dos.gal/es/>, na sección de Transparencia anuncio de apertura da fase de información pública da modificación do Regulamento dos comedores escolares municipais e no espazo de participación na elaboración de normativa da páxina web do concello.

EXPEDIENTE 1776/2022. CALENDARIO LABORAL 2023. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse certificación do acordo adoptado á Xefa de sección do SMAC da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE SOBRE O FUNCIONAMENTO DO TRANSPORTE PÚBLICO. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse certificación do acordo adoptado á Xunta de Galicia e á Alcaldía, como responsable da área de urbanismo, rehabilitación e mobilidade.

EXPEDIENTE 869/2022. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 13. Uniuse certificación do acordo ao expediente, publicándose no Boletín Oficial da Provincia anuncio de acordo e establecemento bonificación primeiro fillo/a atención educativa escola infantil e adecuación cadro franxas IPREM e na páxina web do Concello, notaboleiro de anuncios da sede electrónica do concello e no portal de transparencia anuncio de apertura de audiencia e participación cidadá e no espazo de participación na elaboración de normativa da páxina web do concello.

EXPEDIENTE 870/2022. MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS. Uniuse certificación do acordo ao expediente, publicándose no Boletín Oficial da Provincia anuncio de acordo e establecemento bonificación primeiro fillo/a atención educativa escola infantil e adecuación cadro franxas IPREM e na páxina web do Concello, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello e no portal de transparencia anuncio de apertura de audiencia e participación cidadá.

EXPEDIENTE 1912/2022. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS MC 05/2022. Uniuse certificación do acordo ao expediente.
EXPEDIENTE 1919/2022. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 02/2022. Uniuse certificación do acordo ao expediente e pola Resolución da Alcaldía núm. 2022-0876 acordouse ordenar o pagamento da relación contable de facturas F/2022/20.”.

En contestación á petición formulada polo grupo municipal PsdG-PSOE en sesión ordinaria realizada con data 31 de agosto de 2022, déixase constancia do estado de execución dos seguintes expedientes:

“MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE SOBRE POSTA EN MARCHA DE TÓDALAS MEDIDAS NECESARIAS PARA QUE AS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS XESTIONADAS A TRAVÉS DO CONCELLO DE MUGARDOS COMO APORTACIÓNS DINERARIAS SE REALICEN MEDIANTE TRANSFERENCIA BANCARIA OU MEDIANTE TARXETA MOEDEIRO.- Uniuse certificación do acordo adoptado en sesión ordinaria plenaria realizada con data 23.02.2022 ao expediente e realizouse comunicación interna con número rexistro de saída 2022-S-RE-575 ao concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá.

MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE SOBRE A DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DAS ACTIVIDADES REALIZADAS POR DIVERSAS SOCIEDADES DO CONCELLO E INCORPORACIÓN, NA ORDENANZA FISCAL NUM. 1-I, DUNHA BONIFICACIÓN DO 95% A FAVOR DE INMOBLES NOS QUE SE DESENVOLVAN ACTIVIDADES DECLARADAS DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL. Uniuse certificación do acordo adoptado en sesión ordinaria plenaria realizada con data 27.04.2022 ao expediente realizouse comunicación interna con número rexistro de saída 2022-S-RE-897 ao concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá. Procedeuse á apertura do expediente 1309/2022 en estado de tramitación (consta texto proposta, providencia de inicio de expediente e informe de secretaría).”

4º.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE O 2022-0806 AO 2022-0891





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Non se realiza pregunta ou aclaración ningunha.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Con carácter previo ao inicio deste punto da orde do día o Alcalde traslada que en aplicación do establecido no artigo 61 ROM para as preguntas presentadas de resposta oral, se ten superado o número máximo de preguntas por concelleiro fixadas en dúas polo que se indica ao grupo municipal do PSdG-PSOE que proceda a elixir as dúas das tres preguntas formuladas polo membro do seu grupo, D. Ignacio Fernández Fernández serán obxecto de tratamentona presente sesión ordinaria.

Toma a palabra o concelleiro D. Ignacio Fernández Fernández indicando que a pregunta relativa ás axudas ao ensino será formulada como rogo pola concelleira Marta Ruíz del Ganso

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE. (reprodúcese segundo escrito presentado con data 27.09.2022, número rexistro entrada 2022-E-RPLN-18):

- “Pregunta del concejal del Grupo PSdeG JoseAngelMartinezBardanca dirigida al Sr. Alcalde Juan Domingo de Deus o al Concejal que corresponda. La pasada semana Mugardos, en concreto Reganosa, recibió la visita de una delegación de la Unión Europea. Junto a representantes de la Xunta de Galicia y los alcaldes de Ferrol y A Coruña visitaron las instalaciones en el marco del estudio de los retos de la transición energética. Esta visita ha sido informada por el Gobierno Municipal por lo quee no tenemos constancia de si fue invitado el Concello de Mugardos. ¿Nos puededecir si tenia conocimiento el Concello de Mugardos de esta visita y si tienealguna repercusión para los vecinos de Mugardos?

...

- Pregunta del concejal del Grupo PSdeG JoseAngel Martinez Bardanca dirigida al Sr. Alcalde Juan Domingo de Deus o al Concejal que corresponda. En relación al anuncio de 06/09/2022 del acuerdo del Consejo de Ministros para la corrección de errores del acuerdo de 28 de octubre de 2011 por el que se autoriza el “Proyecto básico de rehabilitación, reforma y ampliación del Castillo de la Palma para hotel de 5* con Spa” en zona de servidumbre de protección de costas. ¿Nos puede concretar cuales han sido las gestiones que se han hecho, en silencio y con prudencia, por el Concello de Mugardos desde la aprobación en el pleno de 23/12/2011 del proyecto corregido?”

Resposta Alcalde: o concello enterouse pola prensa sen que se teña remitido invitación polo que considera que a visita non ten repercusión para o concello. Descoñece por sí se invitou á alcaldesa de A Coruña e non de Mugardos, máis coñece os posibles proxectos que poda desenvolver a entidade e o interese será que se desenvolvan e os efectos que terán para o emprego local.

Respecto da segunda pregunta formulada indica que a alcaldía se mantivo atenta, relatando de seguido as actuacións levadas a cabo e as incidencias que dende un punto de vista empresarial tivo o proxecto e a posible falta de interese por parte do Goberno do Estado polo emprazamento do hotel en zona de servidume de protección. Realizáronse emendas en canto





Concello de Mugar dos
(A Coruña)

ao número de habitacións recollidas no proxecto orixinal e consta conformidade en canto a que o emprazamento do hotel en zona de servidume de protección e tan so resta o interese empresarial que poda ser un potencial de creación de emprego e dinamización sociocultural.

económica na zona.

Ignacio Fernández Fernández, grupo municipal PSdG-PSOE: (reprodúcese segundo escrito presentado con data 27.09.2022, número rexistro entrada 2022-E-RPLN-18):

- “Pregunta del concejal del Grupo PSdeG Ignacio Fernandez Fernandez dirigida al Sr. Alcalde Juan Domingo de Deus o al Concejal que corresponda.

La semana pasada se averió el coche de la Policía Local, lo cual no es de extrañar ya que se trata de un vehículo de unos 15 años. Actualmente la Policía Local de Mugar dos no dispone de vehículo alguno para realizar su actividad hecho que desde el Grupo socialista consideramos una irresponsabilidad por parte del Alcalde como responsable de la Policía Local en el Concello. ¿pueden indicarnos como y cuando se va a subsanar esta situación que impide o limita en buena parte a la Policía Local realizar su actividad?”.

Alcalde: dúas cuestións. Non é de agora que o parque móvil do concello non é o desexable e os últimos dous vehículos son destes dous últimos anos polo que considera que non se trata dunha responsabilidade do alcalde máis sí do concello e está en fase de licitación a adquisición dun vehículo no que se presentaron tres ofertas xa que unha delas é baixa temeraria e está agora en fase de estudo técnico. Mentras se solicitaron varios orzamentos para vehículos en aluguer.

E reitera que non pode ser da súa responsabilidade.

Ignacio Fernández Fernández resposta que non o veu vir xa que ten máis de vinte anos e que a Policía local o necesita para facer as súas funcións.

O alcalde engade que non hai queixas pola Policía Local que está a utilizar outro vehículo e se está abusar outra solución.

- “Pregunta del concejal del Grupo PSdeG Ignacio Fernandez Fernandez dirigida al Sr. Alcalde Juan Domingo de Deus o al Concejal que corresponda.

En el pleno ordinario del mes de Agosto el Concejal de Hacienda informó que se pagaría convenio al Casino de Mugar dos en los próximos días. A principio del mes próximo comenzarán las actividades municipales algunas de las cuales se realizan en las instalaciones de esta sociedad. A fecha de hoy no tenemos constancia de el pago anunciado. ¿pueden decirnos porque nos respondió en el pleno que el pago era inmediato y un mes después no ha cumplido su palabra?”.

Concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá. Antes de respostar en pleno preguntou pola situación máis ten que dicir que non se tiña presentado o cambio de directiva e como se indicou na Comisión Informativa de Facenda, máis o principal problema era que tiña débedas co concello e está chamados para asinar o convenio este venres.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Ignacio Fernández Fernández teñen pasado 13 días dende a comisión e se dixo que se resolverían esa mesma semana xa que se tiña presentado a documentación xustificativa e seguen sen cobrar.

Concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá insiste en que tiñan que presentar o cambio de directiva.

Ignacio Fernández Fernández indica que os feitos poñen de manifesto que o pago non dependía do Casino.

Rogos

Marta Ruíz del Ganso formula o seguinte rogo: resolución á maior brevidade posible as axudas de transporte e ensino e programa de actividades para nenos/as e solicitan que se lle dea máis publicidade e difusión por que a xente non se enterou.

José Ángel Martínez Bardanca pregunta se unha vez se presenten os vales polos comercios en novembro deste ano se tramitarán e pagarán para utilizar ata o 31.03.2023.

José Ángel Martínez Bardanca: en relación ao estado de execución da moción sobre as tarxetas e da bonificación do IBI e consideran que teñen nun problema coa responsabilidade e os prazos polo que roga se leven a cabo as actuacións antes de que remate o ano.

Toma a palabra o concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá. Hai aberto un expediente cos modelos que se están a aplicar noutros concellos de Galicia. E por parte do persoal técnico se estudará esta semana cál dos modelos é o máis adecuado.

E respecto ao IBI ao igual que se preguntou na Comisión de Facenda, consta proposta cunha achega do grupo municipal BNG, informe de secretaría e falta informe de intervención e intentarase levar ao pleno de outubro.

Sendo as vinte horas e catro minutos do vinte e oito de setembro de dous mil vinte e dous, o Presidente levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

Mugardos, na data que figura na sinatura dixital á marxe

Visto e prace
O alcalde
Juan Domingo de Deus Fonticoba

A secretaria
Paula E. Ramos Díaz

